

O Entroido na Illa de Ons (1). Mudados e máscaras.

Por: José Manuel Dopazo Entenza

Para falar do universo que envolve o Entroido, antes de máis, debemos ter claro que non é o mesmo Entroido que Carnaval. Mentres que o primeiro termo fai referencia a todas as prácticas tradicionais arredor desta época, o segundo lígase máis ben aos festexos urbanos actuais. É, por tanto, necesario establecer que na Illa de Ons o que se celebraba era o Entroido.

Con todo, existen evidencias de que a xente da illa tamén formou parte das celebracións do Carnaval de Bueu. Nos xornais da época¹, podemos ler diversos artigos que dan conta dun orfeón presidido polo mestre republicano Joaquín Fernández Cambeiro.

Alén desta curiosidade, a presente proposta pretende afondar nas implicacións do Entroido. Nesta festa, entran en xogo varias figuras con rituais e praxes ben delimitadas e diferenciadas entre si. No Entroido tradicional da Illa de Ons non era diferente. Neste artigo imos abordar a figura dos mudados e a das máscaras.

Destes dous personaxes conservamos testemuño gráfico grazas ao antropólogo sueco Staffan Mörling, que fotografou un grupo de mudados (fotografía 1) e outro de máscaras (fotografía 2) na súa estada en Ons na década de 1960, sendo os únicos testemuños gráficos que se coñecen destas figuras.

Os mudados son o elemento do que sempre se fala cando se fai referencia ao Entroido nesta illa. Malia todo, considero que se xuntan, baixo esta denominación, dous personaxes: as máscaras e os mudados. Por unha banda, as máscaras reciben o nome, precisamente, do elemento que as identifica con maior facilidade, ademais de ser o motivo que axuda a amedrentar a xente –función principal deste personaxe. Por outra banda, os mudados denomínanse así, probablemente, polo feito de inverteren os roles de xénero na vestimenta. É dicir, as mulleres vestían con roupa de home e os homes con roupa de muller.

Se esta interpretación é certa, podemos entender por que existen distintas descrições e mesmo praxes aplicadas aos mudados. Existe discusión sobre a roupa que empregan, a idade das persoas que se caracterizan deste modo e os roles que desempeñan.

ai | eran o | vestidos de | de máscaras | e de mudados | [...] andar de mudados | vestidos de roupa vella | despois outra careta así pero | rapases | non sabes? | [M1924]

mi madre! | puf! | mirábalos vestidos de blanco e a careta roja | eu mexaba por min de medo | [M1944b]²

chavalería nada | chavalería de mudados xa era á última | á primeira todo era xente de sasenta e satenta | todos vellos | todos vellos | sasenta e satenta | cincuenta habería algún | todos eran vellos | eu era chavala xa cando | cando empesaron a ir chavales | antes todos eran de edá | [M1946]

andabas polas casas | á que che daban un | unha chula | ó que che daba aquilo | por pasalo ben [M1948b]

Como amosan estes catro testemuños, a caracterización externa podía consistir en que levasen “roupa vella” ou en que fosen “vestidos de branco”. As persoas que podían encarnar estes personaxes eran “rapaces” ou “vellos”. Ademais, os



Mestre Joaquín Fernández Cambeiro, cos seus alumnos da Illa de Ons. 1933

¹ El Pueblo Gallego (22/02/1928), El Diario de Pontevedra (15/02/1929) e El Correo de Galicia (31/03/1929).

² Empregamos M para identificar unha informante mullere e H para un informante home. Do mesmo xeito, o número que acompaña a letra fai referencia ao ano de nacemento da persoa.

roles que podían desenvolver eran tanto meter “medo” como “pedir chulas“ polas portas. Precisamente a diferenza entre estas dúas funcións suscita a idea de que sexan dous personaxes distintos.

M1924 dános a clave para entender calé cada un dos personaxes. Ela afirma que se ía de máscaras e de mudados. Do mesmo xeito, determina que os mudados son os que van con roupa vella e tan só se compoñen de xente nova.

OS MUDADOS

Esta figura sería, por tanto, un personaxe bo, inocente. Estaría encarnado por xente nova que actuaría á luz do día. A vestimenta simplemente consistiría en roupa vella tanto de home como de muller (fotografía 1). No caso da vestimenta de muller, empregábase la de ovella para meter dentro do sostén, segundo algúns testemuños, e no de home incluso se empregaba a roupa da mili dalgún familiar. Esta caracterización trasládanos a imaxe de alguén pobre, que vai pedindo polas portas algo de comer –tal e como relata M1948b.

andabas polas casas | á que che daban un | unha chula | ó que che daba aquilo | por pasalo ben | non por comer.e
| todo o mundo tiña | pero | por pasalo ben | disfrasábanse os xóvenes | e iban ás casas | iban alá arriba | os de
alá de riba | viñan aquí abaixo | e andabamos así | [M1948b]

En canto á vestimenta, cóntanos María de Barbeiro:

hasta traían.e | porque antes había | miña nai e mais miña abuela tiñan | chamábanlle panos ghordos | unha
toquilla | era moi bonita | mamá tiña e inda está no faiado | inda lla prestara a teu abuelo pa ir de mudado aquí
en Bueu | eh | levábao cando viña no inverno cando viña ó médico | inda llo prestei a Pepe |

Trataríase, xa que logo, dunha inversión dos roles de xénero, moi común nos personaxes de Entroido e suscitaría a pretensión de coñecer a persoa que hai detrás da roupa. Siña Benedita a Sentuleira lembra unha vez que fora de mudada:

ai | nós fomos unha ves | eu fun unha ves alí
abaixo a | alí a Curro | había unhas primas
alí e vestímonos | e empesáballe o pai “non
vos conosen | home | non | non vos conose
ninkén” | e así foi | que non nos conoseu
ninkén | e eu iba vestida de marino | do fillo
| de quinto | e empesaba unha | “ai | que ben
está ese marino | caramba! | é de Ferrol |
vén de Ferrol | eh | este marino é de Ferrol”
| e era a roupa que tiña | a ghorra esa era de
Ferrol | e empesaballe | un que sabía | ”e é
de Ferrol | é ferrolán ho!“ <risas> |



Foto 1: Mudados en Curro, cerca da antiga salga, fronte á de Checho.
Foto: Staffan Mörling. 1965

Os mudados, tradicionalmente, non facían maldades, máis ben xogaban coa incógnita de: quen será a persoa? A este respecto, María do Caño conta unha historia que lle aconteceu a última vez que se disfrazou:

había unha muller que sempre nos botaba a man | “que eres home ou muller?“ | botaba a man e arrastrábache
por todo | e dígholle eu ó meu primo Pepucho | ”vou levar un caroso no bolsillo” | “pa que?” | ”pa poñer na
pitrina | que a Juana de marras arrástrame todo“ | e dixo el | ”pois leva“ | e di María | “pois eu tamén” | e vén
e dime ela primeiro | ”mudadiño | que eres home ou muller?“ | eu non lle falaba nada | ai carallo! | bótame a
man | encontra o caroso | ”ai carallo! | estás bo | carallo | vaite que vas empalmado! | vas empalmado | carallo!
| vas bo | meu fillo | vaite que vas bo!” | e eu “toma polo cu | carallo! | tanto botar a man! | vai á merda! | vaite
e que te jodan!“ |

AS MÁSCARAS

Este elemento do Entroido tradicional da Illa de Ons é o máis coñecido dado que chegou case sen alteracións até o último terzo do século XX. Desapareceu por completo coa migración obrigada dos habitantes da illa cara a terra na década

de 1960 e 1970. Pese a todo, permanece no imaxinario da súa xente xunto con numerosas historias arredor deste personaxe, mais baixo a denominación mudados.

Tendo en conta o rol que desempeña, podemos pór en relación as máscaras cos mascalleiros/vascalleiros dos concellos do Morrazo, cos merdeiros de Vigo, cos choqueiros dalgúns concellos do Salnés e con centos de figuras semellantes ao longo do noso país. Este personaxe é o encargado das bromas, mesmo moi pesadas nalgúns casos. Sobre este particular hai numerosos testemuños:

no Entroido tudo era a soscar uns nos outros | a soscar uns nos outros e roubar e iso | a soscar uns nos outros e a meterse | e tiñas que ter a porta serrada se non metíanse dentro e roubábanche | o que houbera pa comer.e | [M1924]

Os mudados? | bichos malos | eu | o medo que lle tiña | Dio-los dea mellor! | [M1946]
chamábámoslle os mudados | en Bueu chámanlle vascalleiros | nós chamámoslle mudados | pero na Illa fasían moitas maldades | mi cagho! | e soscábanlle ás chavalas! | acabábanlle coas pernas | cos paus! | soscábanche co pau | lastimábanche nas pernas | [M1944b]

En realidade, a única caracterización que conservamos deste personaxe é a que xa recolleemos antes “vistidos de branco e a careta roja”. A fasquía é semellante a moitos outros persoeiros que aparecen en lugares tanto próximos como afastados: unha indumentaria branca –cor pouco habitual en tempos pasados, polo tanto, permitía descartar que fose roupa vella ou de uso cotián, cando menos exterior– e unha máscara vermella –cor identificada con todo o malvado, incluso co demo.

A máscara tradicional confeccionábase coa codia do calacú: cortábase, faciánselle os orificios dos ollos e a boca, e secábase ao sol. Unha vez endureada e curtida, coloreábase con pintura que se traía de Bueu. Por último, engadíase unha cinta ou unha corda para podela amarrar por fóra do pano da cabeza. Co paso do tempo, comezáronse a empregar outros materiais como o cartón –habitualmente de caixas da taberna de Curro– e, xa nos últimos anos, mercábanse de plástico nalgunhas tendas de Bueu.

Este personaxe non ía nunca só. Adoitaba saír en parellas ou mesmo en grupos. Operaban a modo de guerrillas, pelexando uns barrios contra os outros. Como xa se dixo, as persoas que se disfrazaban de máscaras eran maiores, de cincuenta anos para arriba. Non era habitual que a xente nova participase deste rito. Así e todo, cara a finais da década de 1950 e, sobre todo, ao longo da década seguinte, esta tendencia reverteuse e quen encarnaba esta figura era a xente moza. Neste momento púidose producir a confluencia entre mudados e máscaras, difuminando os trazos distintivos de cada un. Manolo o Pescadilla achega esta idea afirmando que os mudados antes, cando el era neno, non eran malos, pola contra, esa vertente veulles co tempo.

iban ó millor parexas | o home e mais a muller.e | iban amighas | iban así | como todos se levaban ben | vestíase xente | meus tíos | teñen ido | miña nai tamén ten ido | chavalería nada | chavalería de mudados xa era á última | á primeira todo era xente de sasenta e satenta | todos vellos | sincuenta habería algún | todos eran vellos | eu era chavala xa cando | cando empesaron a ir chavales | antes todos eran de edá | á última xa era máis chavalería | os últimos anos de estar alá | namais os vellos eran dos bos | fasían.e | quen sabe o que fasían? | xuntábanse | eu qui sei! | [M1946]

pero mirabas vir os de alá de baixo | que malos eran | eh! | e os do Cucorno | xuntábanse todos | [M1944b]
os de aquí | iban hasta alá | ó final | ó Sentulo| os de alá víñan.e | aquí | [H1949a]

Lonxe de entender que o Entroido era algo só de homes, as mulleres participaban activamente de todos estes ritos. De feito, a informante anterior explica, con toda naturalidade, que a súa nai tamén ten ido. Supuña unha festa máis no ano, unha época de descanso e purga.



Foto 2 Máscaras baixando polo monte. Foto: Staffan Mörling, 1965.

pero eu tamén fasía das miñas | eh! | eu desde quince | catorse anos hasta que me casei | iban homes e mais mulleres | e logho | íbamos meus primos | iba Ghloria | iba María | iba Pepucho | iba Arturo | iba Aghustín | iba Luís tamén | íbamos uns cuantos | íbamos sete ou oito | [M1944b]

As máscaras saían pola tarde até ben entrada a noite durante todo o Entroido, que se prolongaba nove días, desde o sábado até o domingo da semana seguinte. Aproveitaban o momento en que a xente estaba aínda a comer e coábanse nas casas, que non tiñan fechadura, para facer das súas:

pero aquí empesaban da mañán á noite | aquí iba | iban a semana de Carnaval | iba enteira | da mañá á noite | dinde | bueno | pola mañán había que traballar | non? | pero | pola tarde acababas de comer e xa empesaban | <risas> | é esí | [M1948b]

a unha muller.e | alá en Pireiró | metíanlle o ghallapán.e | na olla do caldo e levábanlle todo | non sei si che contei | iso tamén | era maldá | por favor | por iso que a xente fechaba a porta | ó comer fechaba porque eran moi malos | iso non se fai | eh | alá lle iba o xantar! | [M1946]

O percorrido non era algo establecido. Non obstante, todas as persoas coinciden en que se afastaban dos camiños. Avanzaban agochados pola parte exterior da illa, polo monte e polas veigas, e baixaban á altura das casas para que a xente non os vise chegar.

viñan | en ves de vir polo camiño | mira que eran malos | ó chegar ó sementerio | viñan pola | non sabes que hai moitas veigas? | por alí chámalle As Xabreiras | pois viñan por alí | que cabróns eran | aghachados pa que n' os miraran | [M1946]

viñan polo monte | viñan por detrás | e baixaban | máis ou menos sa onde están as casas | [H1949a]

Se cadra, un dos testemuños máis interesantes dos que teño gravados é o de María do Caño, que relata o mal que o pasou unha vez que se atopou con estes personaxes:

fomos eu e mais Ghloria | a miña amiga | fomos á fonte | daquela non había aghua da traída na casa | e miramos unha pandilla deles | así | polas Xabreiras | dixeron | “puf! | ai mamasiña! | onde nos metemos | Ghloriña!” | e claro | escapamos polo Caño | pola fonte do Caño | metémonos na nosa casa e a nosa casa non tiña chave | alí nas casas non había chave | “que fasemos?” | miña irmán Arindola estaba cunhas anginas na cama | ai mi madre | collemos e dixo Arindola | “arrimade a mesa da sala á cama” | arrimamos a mesa da sala | puxémoslle as sillas todo ó redor da nosa cama | e metémonos | pero a cabeza non nos cullía | que eran as camas mui baixas | e a cabeza tapábanola coa colcha | e había unha silla que batía | tropesábame a min na cabeza | eles ó entrar | claro | molestáballe aquela silla | empuxaron | mi cagho na cona! | e dixo | “onde tropesa esta silla?” | era o cuñado de miña irmán | e dille | dille el a miña irmán “tas mala?” | “si | estou con anginas” | “e onde vai María e mais Ghloria | que viñeron pa aquí?” | “ai | escaparon pá de Ricardo que aquí non hai chaves | sabían que íbades a entrar | escaparon pá de Ricardo” | E mentres foron pá outra casa | nós “carajo! | por non termos fechaduras na porta” |



María do Caño de mudada con roupa da Marina. Década de 1960.
Foto: Arquivo familiar

Aínda que poida resultar arriscado propor esta distinción entre máscaras e mudados, as evidencias extraídas dos relatos da xente permiten a suxerir que son dúas figuras do Entroido diferentes. Non obstante, para contrastar esta hipótese serían necesarias novas achegas máis detalladas sobre a cuestión. Por este motivo, é tempo de rescatar os relatos das persoas que participaron e foron testemuñas de todo este universo xa desaparecido. Deste xeito, é moi probábel que descubramos novos elementos propios desta festividade ancestral.

De momento, esta é a miña primeira achega. Agardo poder traer, en sucesivas publicacións, novas descubertas e análises.